



A P R I M A V E R A

TEXTO: MANUEL SEIXAS - Foto: Xan G. Muras

CORES DE VIDA

Pasan os meus anos coa sospeita de que en Galiza a cor cobre case sempre unha fonda melancolía. Outono e inverno son meus amigos porque son coma min por dentro, ou iso creo. O verán é demasiado evidente, claro, ofensivo, sen fisuras. Poida que aínda non o coñeza ben. Xulgo por apariencias, ata se me psicanalizo, xulgo resentido. ¿Pasaralle a el o mesmo comigo?. Bah, seguro que nin se fixou en min.

¿E a primavera? A primavera é a luz da vida. É como ese amor frondoso que che obriga a ser quen non es se é necesario, que guinda pés ollos corazón tras un camiño crebadizo que leva ata onde sexa, ata onde o amor da primavera queira. Nada pode fronte a ti.

E as cores estoupan nos teus acenos sorprendidos e lembras que o decorado está tan vivo, tan vivo que dá medo pensar a película que faremos no futuro se non o temos. Nin cores apaixonadas, nin branco e negro fermoso. Sería descarnado, morte. Ou cemento. Se non o agarimamos, se non o temos.

Pero reparas de novo na foto e ves o mar azul, e o teu ama-

relo favorito e os tons de verde, infinitos matices de verde no noso curruncho e as brancuras escumosas na altura que soñas esvaran frescas nos teus beizos e sabes que a camiseta branca sempre pegada á pel dende neno sempre neno con camiseta

branca o frío por fiel compañeiro- pronto sobrá.

Está a rematar o seu tempo. Imaxinas o teu corpo nu sobre esa herba levemente quentada polo sol, o teu corpo que agora se mergulla nas augas frescas e a suave brisa e agora espido sobre as rochas fas equilibrios, ledicia e despreocupación.

E veñen nubes escuras e a escuma branca deixa caer pingas que percorren o teu corpo e tremes feliz e mañá o reuma e a dor dos ósos, sempre a dor, sempre atenta. Mañá. Mañá será outro día de primavera.

Primavera espléndida e traizoeira. Dás un brinco, ledicia interior, porque esta é a terra onde aínda hai estacións nas miradas da paisaxe. E outro brinco, egoísta, por non ter alerxias (non vai ter un todas as enfermidades. Repartición de sufrimento) e poder respirar aire mar mentres nos deixen.

Agora que o penso, a primavera é tan doente e maravillosa como a vida mesma. Tan inevitable e teimuda na chegada. Para ben e para mal. ¿Xa dixen que me encanta o amarelo?

P R I M A V E R A